



PROCEDIMENTO PARA REALIZAR O DEPÓSITO DO TFG DURANTE O PERIODO EN QUE NON SE PERMITA O ACCESO Á FACULTEDE POR MOR DO COVID 19

Co fin de evitar o atraso na defensa de TFGs, mentres non se permita o acceso ao centro, o procedemento para depositar o TFG será o seguinte:

1. **Accede á Secretaría Virtual e cumprimenta a solicitude de defensa.**
2. **Cumprimenta o formulario que atoparás na seguinte ligazón: [Formulario](#)**

Aquí terás que subir unha copia do resgardo da solicitude de defensa feita na Secretaría Virtual e deberás cargar o arquivo pdf que contén o TFG. Neste formulario, o tamaño máximo do arquivo é 10MB, pero tes a posibilidade de subir máis dun documento polo que, de ser necesario, podes dividir o TFG en dous arquivos. Podes, así mesmo, subir arquivos adicionais con anexos ou documentación complementaria ao TFG que queiras achegar. O formulario só está dispoñible para usuarios da UDC e cando o cumprimentes terás a posibilidade de solicitar que se che envíe unha confirmación ao teu enderezo electrónico da UDC.

Se tes algunha dúbida relacionada co procedemento de depósito do TFG podes contactar coa UADI no enderezo electrónico (uadi.eco@udc.es) ou por teléfono (881012428, 881012564 e 881012597).